


# CAMPOS DE VOLUNTARIADO | 2022



## O VERÁN QUE QUERES CONTAR



XUNTA  
DE GALICIA

**EDITA:**

Xunta de Galicia

ConSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL  
DIRECCIÓN XERAL DE XUVENTUD, PARTICIPACIÓN E VOLUNTARIADO

**DESEÑO E MAQUETACIÓN:**

Pablo Gulín Díaz | Empapelarte

# CONTIDO

INTRODUCCIÓN	4
SOLICITUDE DE PRAZA	5
ADXUDICACIÓN DE PRAZA	7
LISTA DE AGARDA	7
COTA DE PARTICIPACIÓN	7
DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA	10
QUE INCLÚE O CAMPO DE VOLUNTARIADO	12
CAMPOS DE VOLUNTARIADO EN GALICIA	14
CAMPOS DE VOLUNTARIADO EN CCAA	17
CAMPOS DE VOLUNTARIADO NO ESTRANXEIRO	22

# INTRODUCCIÓN

A Xunta de Galicia oferta no verán deste 2022 un total de **675 prazas en 45 campos de voluntariado** (incluíndo as catro quendas nas Illas Cíes) **que se desenvolverán por todo o territorio galego**, prazas que se suman ás 79 para mozos e mozas galegos en campos doutras comunidades autónomas e 57 no estranxeiro. Neste programa, que se enmarca dentro da Campaña de Verán da Xunta de Galicia, **pode participar a mocidade de 18 a 30 anos**.

Nesta programación de 45 campos, **9 son novos con respecto á oferta de 2021**. As **novedades** deste ano son as seguintes:

- » **Provincia da Coruña:** campos de voluntariado "Arboretum" en Mesía e "O Batán de Mezonzo" en Vilasantar.
- » **Provincia de Lugo:** campos de voluntariado "Xuventude é camiño" en Baleira e "Friulio" en Friol.
- » **Provincia de Ourense:** campo de voluntariado "Bosque pintado da Cántara da Moura" no concello da Veiga e "Saberes de onte e de sempre" en Bande.
- » **Provincia de Pontevedra:** campos de voluntariado "Centinelas do mar" en Sanxenxo, "Aldea Alfacuca" en Mos e "Ruta de Palacios", no concello do Porriño.

Os campos de voluntariado son actividades realizadas en colaboración con concellos e entidades, e encamiñadas a favorecer e fomentar a convivencia, a participación, a tolerancia e a solidariedade entre a mocidade e a súa contorna, a través da colaboración desinteresada e voluntaria en traballos diversos que se levan a cabo en todas as comunidades autónomas e en distintos países, baixo o patrocinio, control ou organización de entidades e organismos oficiais, asociacións xuvenís, culturais, humanitarias etc.

Os campos de voluntariado en Galicia desenvolveranse en grupos de 15 persoas voluntarias.



## SOLICITUDE DE PRAZA

A solicitude de prazas, para todos os campos, comeza o día **18 de maio** de 2022, ás **9:00 horas**.

A solicitude presentarase mediante un **formulario en liña, disponible na páxina web [xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es)**.

Cada persoa solicitante elixirá, por orde de prioridade, un máximo de cinco campos de voluntariado. Na solicitude deberá identificar o campo de voluntariado que solicita co seu código.

**As prazas serán adxudicadas, mentres existan vacantes, por rigorosa orde de recepción das solicitudes.**

As persoas con discapacidade deberán facer constar esta circunstancia no apartado que figura no formulario de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisasen.

## PRAZOS

### CAMPOS EN GALICIA:

O prazo de solicitude de **campos en Galicia** ábrese o **día 18 de maio**, ás **9:00 h**.

**A convocatoria é única e estará aberta ata 3 días antes do comezo de cada campo.**

Unha persoa non poderá ser adxudicataria de máis dun campo de voluntariado durante os 3 primeiros días do prazo de solicitude. Unha vez transcorrido este prazo, a persoa que queira participar en máis dun campo deberá solicitalo mediante un novo formulario.

### CAMPOS NOUTRAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS (CCAA) E NO ESTRANXEIRO:

#### 1ª convocatoria

O prazo desta convocatoria **para campos de voluntariado noutras CCAA** ábrese o **día 18 de maio**, ás **9:00 h** e péchase o **día 27 de maio**, ás **14:00 h**.

O prazo desta convocatoria **para campos de voluntariado no estranxeiro** ábrese o **día 18 de maio**, ás **9:00 h** e péchase o **día 19 de maio**, ás **14:00 h**.

Unha persoa non poderá ser adxudicataria de máis dun campo de voluntariado nesta convocatoria. Para participar nun segundo campo de voluntariado, haberá que esperar á segunda convocatoria.

## **2ª Convocatoria**

Unha vez pechada a 1ª convocatoria, o programa de campos de voluntariado prevé, para os campos noutras CCAA e no estranxeiro, unha nova oferta de prazas en 2ª convocatoria ou repesca, na que se incluirán todas aquelas prazas que estean vacantes nos campos de voluntariado fóra de Galicia (os campos con prazas libres poderán ser os mesmos que os ofertados inicialmente ou novos).

### **Prazos desta 2ª convocatoria:**

- » O prazo para solicitar en repesca as prazas para os campos de voluntariado noutras comunidades autónomas comezará o **1 de xuño ás 10:00 h**. Este prazo permanecerá aberto ata 5 días antes do inicio do campo.
- » O prazo para solicitar en repesca as prazas para os campos de voluntariado no estranxeiro permanecerá aberto entre o **24 de maio ás 14:00 h** e o **27 de maio ás 14:00 h**.

O procedemento de solicitude será o mesmo que o establecido para a 1ª convocatoria, é dicir, mediante **formulario en liña**.

No portal web [xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es) actualizaranse en tempo real as listas e prazas de campos de voluntariado.



## ADXUDICACIÓN DE PRAZA

As prazas serán adxudicadas, mentres existan vacantes, por orde de recepción das solicitudes. Unha vez adxudicada a praza, a persoa solicitante recibirá un correo electrónico coas instrucións para **formalizar a inscrición nun prazo de 2 días desde o envío do correo** electrónico.

Nos campos de voluntariado no estranxeiro, unha vez remitida toda a documentación, incluída a carta de motivación cando se esixa como requisito, **considérase confirmada a praza no momento en que se comunique esta confirmación** a través de correo electrónico. **Non se recomenda comprar as pasaxes necesarias para desprazarse ata recibir a dita confirmación.**

## LISTA DE AGARDA

No caso de non obter praza en ningunha das opcións indicadas no formulario de solicitude, incluirase á persoa solicitante na lista de agarda dos respectivos campos solicitados. O número de orde na lista de agarda farase tamén por orde de recepción de solicitudes.

## COTA DE PARTICIPACIÓN

Hai dous tipos de cota:

- » **Campos de voluntariado en Galicia e no estranxeiro\***: 110 € (82,50 € no caso de acollerse a algún dos descontos establecidos).

O pagamento da cota de participación nos campos en Galicia e no estranxeiro farase mediante **impreso de taxa**. No correo electrónico de comunicación da adxudicación da praza enviaranse as instrucións para facer o pagamento. O prazo para facelo efectivo e remitir toda a documentación de inscrición é de 2 días.

(\*) Existen algúns campos de voluntariado no estranxeiro que, pola súa temática, acceso, localización, aloxamento ou calquera outra peculiaridade, teñen un custo adicional ou cota extra que se deberá pagar Á CHEGADA AO CAMPO (consultar no cadro de oferta de prazas internacionais).

- » **Campos de voluntariado noutras comunidades autónomas:** a cota de participación fíxaa a comunidade autónoma correspondente. Os prezos pódense consultar no cadro de oferta de prazas.

Neste caso, o pagamento da cota de participación farase mediante **ingreso na conta bancaria** que se indicará no correo electrónico de confirmación da praza.

Non obstante, hai campos con **impreso de pagamento propio\*\***, que será remitido tamén ao correo electrónico tras a inscrición.

(\*\*) Instrucións para o pagamento en campos con impreso propio.

Os campos de voluntariado que a continuación se reflicten teñen impreso de pagamento propio:

**Cantabria:** no apartado "Descripción" deberá figurar o nome e os apelidos da persoa participante, a denominación e a data do campo de voluntariado.

**Estremadura:** Datos para cubrir o impreso:

- » Órgano xestor: Igualdad y Portavocía;
- » Concepto: 171053 - Prest. Serv. Campamentos, albergues y campos de trabajo.

**Andalucía:** Datos para cubrir o impreso:

- » Marcar o cadre de autoliquidación.
- » Indicar o nome do campo, a data e o lugar de realización.
- » Cubrir a data de devindicación (día no que se realiza o pago) e a cota (90 €).
- » Código Territorial: no despregable, sinalar Instituto Andaluz de la Juventud
- » Código Provincia: S.S.C.C (elixir o único que hai)
- » Código Centro: SERV. CENTRALES I.A.J. (elixir o único que hai)
- » Concepto do pago: no despregable sinalar "Campos de trabajo servicio voluntario para jóvenes (0140)"

**Euskadi:** enviarase por correo electrónico o enlace para cubrir a súa carta de pagamento.

## A cota aboada para participar nos campos de voluntariado inclúe:

Os gastos de manutención, aloxamento e mais os derivados das propias actividades dos campos (como materiais e algunas actividades complementarias), así como o seguro médico.

**Non inclúe:** os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade, que correrán a cargo da persoa voluntaria.

**Descontos**, non acumulables (só para campos de voluntariado en Galicia e no estranxeiro):

- » Carné xove: -25 % na cota de participación.
- » Carné de familia numerosa: -25 % na cota de participación.
- » Familia monoparental: -25 % na cota de participación.

## Devolución da cota

Nos **campos de voluntariado en Galicia e no estranxeiro**, só se devolverá a cota de inscrición nos seguintes supostos:

- a. Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- b. Ingreso hospitalario, causa médica grave ou diagnóstico positivo en Covid-19 que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo, o que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital en que estea ingresada, ou coa certificación do resultado da proba da Covid-19.
- c. Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.
- d. Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorra máis do 50 % dos días de duración do campo.

Na páxina web [xuventude.xunta.es](http://xuventude.xunta.es) está dispoñible o modelo de impresu de devolución de cota para campos de voluntariado en Galicia e no estranxeiro.

No caso de campos de voluntariado en CCAA, a devolución da cota estará suxeita ás condicións que cada unha estableza ao respecto. Estas condicións pódense consultar na oferta de prazas das distintas comunidades autónomas.

# DOCUMENTACIÓN TRAS A ADXUDICACIÓN DE PRAZA



Unha vez adxudicada a praza, a persoa interesada recibirá no seu correo electrónico a **folla de inscrición** cos seus datos e as instrucións correspondentes para o **pagamento e a presentación da documentación necesaria para a reserva total da praza**.

O prazo para a entrega da documentación é de 2 días, que empezará a contar a partir do día e hora de remisión do correo electrónico.

A documentación deberá achegarse por correo electrónico aos enderezos que se indican a continuación, segundo o lugar onde se desenvolve o campo de voluntariado asignado:

- » **Campos de CCAA e no estranxeiro:** camposdetraballo.xuventude@xunta.gal
- » **Campos da provincia da Coruña:** camposcoruna.xuventude@xunta.gal
- » **Campos da provincia de Lugo:** camposlugo.xuventude@xunta.gal
- » **Campos da provincia de Ourense:** camposourense.xuventude@xunta.gal
- » **Campos da provincia de Pontevedra:** campospontevdra.xuventude@xunta.gal

## Importante!

De incumprir este prazo de 2 días perderase o dereito a participar no campo de voluntariado asignado e a praza liberarase e quedará dispoñible para outras persoas voluntarias.

Documentación que cómpre remitir á Administración:

» **Campos de voluntariado en Galicia e no estranxeiro:**

- Folla(s) de inscrición debidamente cuberta(s) e asinada(s).
- Xustificante de pagamento da cota.
- Fotocopia do DNI/NIE (no caso de non dar a autorización expresa no formulario de inscrición).

- Fotocopia do Carné xove, do título de familia numerosa ou do certificado de familia monoparental (no caso de acollerse ao correspondente desconto e non autorizar a consulta no formulario de inscrición).
- Ficha informativa de saúde e certificado de discapacidade, de ser o caso.
- Declaración sobre a autorización para a captación de imaxes.
- Certificado negativo de delitos sexuais (naqueles campos do estranxeiro que o requiran).
- Carta de motivación (naqueles campos do estranxeiro que a requiran).

» **Campos de voluntariado noutras CCAA:**

- No correo electrónico de confirmación da praza solicitada para campos de voluntariado noutras CCAA enviaranse as indicacións sobre a documentación que debe presentarse en cada caso, dado que pode variar en función da comunidade autónoma.



# QUE INCLÚE O CAMPO DE VOLUNTARIADO

## Que se lles ofrece ás persoas voluntarias?

- » Un proxecto sempre de dimensión social, na procura da mellora ambiental da nosa contorna, da convivencia entre as persoas, dun mellor desenvolvemento e integración das persoas con discapacidades, dun maior coñecemento da nosa cultura e da nosa realidade.
- » Un equipo humano que os/as acollerá e lles axudará a levar a cabo o traballo programado e a dinamización do campo.
- » Os medios materiais necesarios para desenvolver as tarefas específicas de cada campo.
- » Un programa con actividades de convivencia, de animación, de lecer e tempo libre.
- » Aloxamento e manutención durante todos os días que dure a actividade.
- » Un seguro de accidentes e responsabilidade civil.

## Que se lles demanda ás persoas voluntarias?

- » Traballar desinteresadamente os días e horas estipuladas no proxecto que se vai desenvolver.
- » Colaborar e participar no desenvolvemento da programación das actividades de animación.
- » Contribuír á organización xeral do campo.
- » Respectar as distintas crenzas, ideoloxías e diferenzas persoais de todos/as os/as participantes do campo.
- » Permanecer no campo durante o período programado.
- » Respectar as normas de réxime interior e de convivencia propias do campo, que serán, entre outras, as seguintes:


- Aceptar as indicacións das persoas responsables da actividade.
- Cumprir os horarios en xeral.
- Non utilizar vehículos particulares durante o tempo de duración do campo.
- Non consumir bebidas alcohólicas nin outras substancias nocivas.
- Non se admitirán persoas alleas ao campo.
- Cumprir as medidas persoais de hixiene e prevención fronte á Covid-19 que, de ser o caso, se establezan.
- Poderán ser expulsadas do campo as persoas participantes que non respecten as citadas normas e cando o seu comportamento dificulte ou impida a convivencia.

No desenvolvemento dos campos de voluntariado recolleranse experiencias, imaxes, fotografías, vídeos, vídeos con voz, material gráfico, etc., das persoas participantes na actividade para a súa publicación a través dos medios de difusión corporativos das iniciativas e actividades da Xunta de Galicia e as entidades pertencentes ao sector público autonómico de Galicia, tales como páxinas web, redes sociais, álbums, informes/documentos derivados da actividade e outros medios de comunicación social. Para estes efectos, as persoas participantes deben cubrir unha declaración sobre a autorización para a captación de imaxes, no que indicarán se dan ou non o seu consentimento.



# CAMPOS DE VOLUNTARIADO POR PROVINCIA

A CORUÑA	
1	Boiro
2	As Pontes
3	Outes
4	Vedra - Boqueixón
5	A Laracha
6	Rois
7	Ribeira
8	Coirós
9	Mesía
10	Vilasantar
11	Boimorto
12	Ponteceso



PONTEVEDRA	
13	Vilanova de Arousa
14	Soutomaior
15	Campo Lameiro
16	Mos
17	O Porriño
18	Redondela
19	Lalín
20	Sanxenxo
21	Oia
22	Cerdeiro-Cotobade
23	O Grove
24	Illas Cíes (Vigo)

LUGO	
25	Castro de Rei
26	Palas de Rei
27	Baleira
28	Folgoso do Courel
29	Guitiriz
30	A Pobra do Brollón
31	Ribas de Sil
32	Quiroga
33	Friol

OURENSE	
34	Larouco
35	Celanova
36	Vilariego de Conso
37	Bande
38	O Pereiro de Aguiar
39	Monterrei
40	Esgos
41	Muiños
42	A Veiga

## A CORUÑA

**A Coruña: 12 campos e 180 prazas**

Nome do campo	Concello	Datas	Modalidade
Amicos	Boiro	4-15 xullo	Ambiental e social
Vilarbó	As Pontes	15-26 xullo	Ambiental
Lembrando a nosa pegada	Outes	15-26 xullo	Ambiental e arqueolóxico
Unindo roteiros	Vedra - Boqueixón	15-26 xullo	Ambiental e dinamización
Castro de Montes Claros	A Laracha	26 xullo - 6 agosto	Arqueolóxico
Castro do Lupario	Rois	6-17 agosto	Arqueolóxico
Dunas de Corrubedo	Ribeira	6-17 agosto	Ambiental
Monte da Espenuca	Coirós	17-28 agosto	Ambiental
Arboretum (Mesía)	Mesía	17-28 agosto	Ambiental e social
O Batán de Mezonzo	Vilasantar	17-28 agosto	Ambiental e restauración
Luces de Boimorto	Boimorto	18-29 agosto	Festival
Alí, xaz	Ponteceso	28 agosto - 08 setembro	Ambiental e cultural

NOVO

NOVO

## LUGO

**9 campos e 135 prazas**

Nome do campo	Concello	Datas	Modalidade
Castro de Viladonga En colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade	Castro de Rei	1-12 xullo	Arqueolóxico
Xuventude é Camiño	Palas de Rei	4-15 xullo	Dinamización
Xuventude é Camiño	Baleira	15-26 xullo	Dinamización
Castro de Vilamor	Folgoso do Courel	15-26 xullo	Patrimonial
Da auga e da pedra	Guitiriz	1-12 agosto	Ambiental, festival e patrimonial
Castro de San Lourenzo	A Pobra do Brollón	1-12 agosto	Ambiental, festival e arqueolóxico
Abadía de San Clodio	Ribas de Sil	12-23 agosto	Dinamización
A fervenza da Pedriña	Quiroga	28 agosto - 8 setembro	Ambiental
Friulio	Friol	28 agosto - 8 setembro	Etnográfico

NOVO

NOVO

## OURENSE

**9 campos e 135 prazas**

NOVO

Nome do campo	Concello	Datas	Modalidade
Castrillón	Larouco	4-15 xullo	Ambiental e arqueolóxico
Do audiovisual galego	Celanova	4-15 xullo	Audiovisual
Glaciar do Cenza	Vilariño de Conso	15-26 xullo	Ambiental
Saberes de onte e de sempre	Bande	26 xullo - 6 agosto	Etnográfico
O Pereiro é natureza	O Pereiro de Aguiar	26 xullo - 6 agosto	Ambiental
Castelo de Monterrei	Monterrei	30 xullo - 10 agosto	Arqueolóxico
Esgos	Esgos	10-21 agosto	Etnográfico
Parque Natural do Xurés	Muíños	17-28 agosto	Ambiental
Bosque pintado da cántara da moura	A Veiga	28 agosto - 8 setembro	Ambiental

NOVO

## PONTEVEDRA

**11 campos e 4 quendas en Cíes. 225 prazas**

NOVO

NOVO

NOVO

Nome do campo	Concello	Datas	Modalidade
Salvemos o mar 3.0: A vista de dron	Vilanova de Arousa	4-15 xullo	Ambiental e mariño
Soutomaior fai camiño	Soutomaior	15-26 xullo	Ambiental e social
A Idade do Bronce En colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Universidade	Campo Lameiro	15-26 xullo	Arqueolóxico
Aldea Alfacuca	Mos	26 xullo - 6 agosto	Ambiental e social
Ruta de Palacios	O Porriño	26 xullo - 6 agosto	Cultural
Illa de San Simón	Redondela	1-12 agosto	Cultural e patrimonial
Tradición en verde	Lalín	1-12 agosto	Arqueolóxico, ambiental e etnográfico
Centinelas do mar	Sanxenxo	6-17 agosto	Ambiental e mariño
O Camiño portugués pola costa	Oia	17-28 agosto	Cultural
Rural influencers	Cerdeiro-Cotobade	18-29 agosto	Dinamización
A terra que habita no mar	O Grove	15-26 setembro	Ambiental
Illas Cíes	Vigo	1-12 / 15-26 xullo 1-12 / 17-28 agosto	Ambiental

# CAMPOS DE VOLUNTARIADO EN COMUNIDADES AUTÓNOMAS

## 1ª CONVOCATORIA

### A RIOXA

(Cota 110 €) [www.irj.es](http://www.irj.es)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401001	Alfaro I	Alfaro	A Rioxa	01/07/2022 15/07/2022	18-24	Medioambiental	Estatal	2
401002	Alfaro II	Alfaro	A Rioxa	17/07/2022 31/07/2022	18-24	Medioambiental	Estatal	2
401003	Lumbreras	Lumbreras	A Rioxa	16/07/2022 30/07/2022	18-24	Medioambiental	Estatal	2
401004	Ocón	Ocón	A Rioxa	11/07/2022 22/07/2022	18-24	Patrimonial	Estatal	2
401005	Igea I	Igea	A Rioxa	16/07/2022 30/07/2022	18-26	Arqueoloxía	Internacional	2
401006	Igea II	Igea	A Rioxa	01/08/2022 15/08/2022	18-26	Arqueoloxía	Internacional	2
401007	Contrebia Leucade	Inestrillas	A Rioxa	01/08/2022 15/08/2022	18-26	Arqueoloxía	Internacional	2

### ANDALUCÍA

(Cota 90 €) [www.juntadeandalucia.es/institutodelajuventud](http://www.juntadeandalucia.es/institutodelajuventud) [www.inturjoven.es](http://www.inturjoven.es)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401008	La cerra de Tijola. Un camino de dos mundos.	Tijola	Almería	16/07/2022 30/07/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	1
401009	Picacho 2022.	Alcalá de los Gazules	Cádiz	21/08/2022 04/09/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	1
401010	Prácticas de conservación y mantenimiento de hábitats de montaña en el parque natural de Sierra Nevada	Abrucena	Almería	21/08/2022 04/09/2022	18-30	Conservación	Internacional	1
401011	Arqueología en el Castillo de Bedmar.	Bedmar y Garciez	Xaén	17/08/2022 31/08/2022	18-30	Arqueológico	Estatal	1
401012	Ocio y tiempo libre para jóvenes con diversidad funcional. URSO 2022	Osuna	Sevilla	10/07/2022 24/07/2022	18-30	Intervención social	Estatal	1
401054	Laguna de Fuente del Rey	Dos Hermanas	Sevilla	09/07/2022 23/07/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	1
401055	Yo participo. Juntos crecemos 2022	Málaga	Málaga	14/08/2022 28/08/2022	18-30	Intervención social	Estatal	2

## ARAGÓN

(Cota 110 €) [www.aragon.es](http://www.aragon.es)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401013	Construyendo futuro	Aineto	Huesca	12/07/2022 26/07/2022	18-30	Ecoloxía	Estatal	2
401014	Recuperando caminos	Griébal	Huesca	09/07/2022 23/07/2022	18-30	Rehabilitación	Estatal	2

## CANTABRIA

(Cota 110 €) [www.jovenmania.com](http://www.jovenmania.com)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401015	Animacion Juvenil en Colindres	Colindres	Cantabria	16/07/2022 30/07/2022	18-30	Sociocultural	Estatal	2
401016	Conservación del castro de Prellezo	Val de San Vicente	Cantabria	01/08/2022 15/08/2022	18-30	Patrimonial	Estatal	2
401017	Arqueología en el yacimiento romano de Camesa-Rebolledo	Valdeolea	Cantabria	01/08/2022 15/08/2022	18-30	Patrimonial	Internacional	1

## CASTELA E LEÓN

(Cota 110 €) [www.juventud.jcyl.es](http://www.juventud.jcyl.es)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401018	Reconstruyendo el pasado "El viaje de Carlos"	Horcajo de las Torres	Ávila	01/08/2022 15/08/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	2
401019	Entreculturas-Rehabilitación patrimonio Almanza	Almanza	León	01/08/2022 15/08/2022	18-30	Patrimonial	Estatal	2
401020	Sierra de Atapuerca	Atapuerca	Burgos	16/08/2022 30/08/2022	18-30	Dinamización	Estatal	2
401021	Sendas 2022	Béjar	Salamanca	16/07/2022 30/07/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	2

## CASTELA A MANCHA

(Cota 120 €) [www.portaljovenclm.com](http://www.portaljovenclm.com)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401022	Yacimiento arqueológico "El Solado"	Rielves	Toledo	31/07/2022 14/08/2022	18-30	Arqueoloxía	Estatal	2

## CATALUÑA

(Cota 110 €) [www.acjoventut.cat](http://www.acjoventut.cat)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401023	Trencant Barreres (**)	Barcelona	Barcelona	01/08/2022 15/08/2022	18-25	Social	Estatal	1
401024	Construyendo caminos: recuperación de las sendas locales para una mejor calidad de vida	Tivenys	Tarragona	15/07/2022 29/07/2022	18-25	Medioambiental	Estatal	1

(\*\*) Precísase achegar o Certificado de Delitos de Natureza Sexual.

## CEUTA

(Cota 72 €) [www.ceuta.es/juventud](http://www.ceuta.es/juventud)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401025	Conoce Ceuta	Ceuta	Ceuta	08/08/2022 20/08/2022	18-30	Sociocultural	Estatal	2

## COMUNIDADE VALENCIANA

(Cota 110 €) [www.ivaj.es](http://www.ivaj.es)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401026	Compartiendo vidas	Xátiva	Alicante	18/07/2022 31/07/2022	18-30	Social	Estatal	2
401027	Diviértete II (**)	Moraira	Alicante	16/07/2022 30/07/2022	18-30	Social	Estatal	2
401028	Pequeñas ilusiones	Castellón	Castellón	31/07/2022 14/08/2022	18-30	Social	Estatal	2
401029	El Prado II	Viver	Castellón	31/07/2022 14/08/2022	18-30	Arqueoloxía	Internacional	2

## ESTRELLA DE LA MARCA

(Cota 110 €) [www.juventudextremadura.com](http://www.juventudextremadura.com)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401031	Días de Cine	Baños de Montemayor	Cáceres	17/08/2022 28/08/2022	18-30	Audiovisual	Estatal	2
401032	Circo de la naturaleza	Talayuela	Cáceres	19/08/2022 30/08/2022	18-30	Actividades circenses	Internac.	1
401033	Art Brut (**)	Valencia de Alcántara	Cáceres	10/08/2022 21/08/2022	18-30	Integración social	Estatal	1
401034	San Gil	Plasencia	Cáceres	01/08/2022 15/08/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	1
401035	Yacimiento arqueológico de Mérida	Mérida	Badajoz	01/08/2022 12/08/2022	18-30	Arqueología	Estatal	1
401036	Festival de teatro clásico de Mérida	Mérida	Badajoz	18/07/2022 31/07/2022	18-30	Festival	Internac.	1
401037	Las cuevas de Fuentes de León	Fuentes de León	Badajoz	11/07/2022 25/07/2022	18-30	Arqueología	Estatal	1

## MADRID

(Cota de 18 a 24 años: 110 € / Cota de 25 a 30 años: 121 €) [www.madrid.org/inforjoven](http://www.madrid.org/inforjoven)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401038	Restauración de elementos patrimoniales	Cercedilla e Navacerrada	Madrid	26/08/2022 09/09/2022	18-30	Patrimonial	Estatal	1
401039	Domo deus	Lozoyuela-Navas-Sieteiglesias	Madrid	11/07/2022 26/07/2022	18-30	Medioambiental	Internac.	1

## MURCIA

(Cota 110 €) [www.mundojoven.org](http://www.mundojoven.org)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401050	Si quieras conservar tu medio, ¡mójate!	Ciegos - Calasparra - Bullas	Murcia	09/07/2022 23/07/2022	18-30	Medioambiental	Estatal	1
401051	Dejando huella	Caravaca de la Cruz	Murcia	01/07/2022 15/07/2022	18-30	Sociocultural	Estatal	2
401052	Mosaic art y street art	Coy e Lorca	Murcia	17/07/2022 31/07/2022	18-30	Sociocultural	Estatal	1
401053	Hadrianvs 2022	Yecla	Murcia	03/07/2022 17/07/2022	18-30	Arqueología	Estatal	1

## NAVARRA (Cota 120 €)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401040	Monasterio de Bargota II	Estella	Pamplona	16/07/2022 30/07/2022	18-24	Cultural e patrimonial	Estatal	2

## PAÍS VASCO

(Cota 110 €) [www.gazteaukera.euskadi.net](http://www.gazteaukera.euskadi.net)

CÓDIGO	CAMPO	LUGAR	PROVINCIA	DATAS	IDADE	MODALIDADE	ÁMBITO	PRAZAS
401041	Murueta: Recuperación del entorno del cargadero de la dinamita en Murueta	Murueta	Bizkaia	04/07/2022 18/07/2022	18-26	Conservación do patrimonio natural	Estatal	1
401042	Fuente del oro - Urreiturri	Alonsotegui	Bizkaia	04/07/2022 18/07/2022	18-26	Patrimonial	Estatal	1
401043	Recuperación del patrimonio histórico y natural del entorno de Martiartu	Erandio	Bizkaia	04/07/2022 18/07/2022	18-26	Medioambiental	Estatal	1
401044	Lemoatxa 1937	Lemoa	Bizkaia	01/08/2021 15/08/2021	18-26	Patrimonial	Estatal	1
401045	Sopuerta: Conectando barrios promoviendo la movilidad sostenible	Sopuerta	Bizkaia	01/08/2022 15/08/2022	18-26	Mediambiental e rehabilitación	Estatal	1
401046	Bergara I: Intercambio entre generaciones en la Residencia Mizpirualde de Bergara	Bergara	Guipúzcoa	01/08/2022 15/08/2022	18-26	Dinamización social	Estatal	2

# CAMPOS DE VOLUNTARIADO NO ESTRANXEIRO


## 1ª CONVOCATORIA

Código Galicia	Campo de voluntariado	Código Internacional	País	Datas	Idades	Modalidade	Prazas
402001	LIVING AND WORKING ON THE FARM	IJGD22325	ALEMAÑA	15.08.2022 26.08.2022	18-26	ANIM	1
402002	WOLSFELD - TOGETHER FOR A VIBRANT VILLAGE LIFE (*)	IBG13	ALEMAÑA	23.07.2022 07.08.2022	18-30	ENVI	2
402003	ST. JAMES WAY HEILSBRONN (*)	IBG12	ALEMAÑA	23.07.2022 06.08.2022	18-30	MANU	1
402004	POWER OF NATURE AND VOLUNTEERS - BUILD A YURT IN THE FOREST!	ICJA08	ALEMAÑA	31.07.2022 14.08.2022	18-26	CONS	1
402005	PEACE CENTER SIEVERSHAUSEN	ICJA07	ALEMAÑA	31.07.2022 13.08.2022	18-26	RENO	2
402006	17TH FOKUS FESTIVAL – RABRYKA GOERLITZ	ICJA10	ALEMAÑA	02.08.2022 16.08.2022	18-26	FEST	1
402007	LOHRA CASTLE	OH-W06	ALEMAÑA	14.08.2022 27.08.2022	18-30	ENVI	4
402008	LOHRA CASTLE	OH-W07	ALEMAÑA	28.08.2022 10.09.2022	18-30	ENVI	3
402009	PHYSMATH SCHOOL(Cota extra de 50 €)	HUJ2	ARMENIA	23.07.2022 05.08.2022	18-30	RENO	3
402010	PILISTVERE (Cota extra de 50 € e Certificado de delitos sexuais)	EST14	ESTONIA	14.08.2022 24.08.2022	18-30	MANU	1
402011	SAGEVERE GOAT FARM I(Cota extra de 50 €)	EST5	ESTONIA	04.07.2022 24.07.2022	18-30	ENVI	1
402012	STONE WELL CONSTRUCTION	CONCF182	FRANCIA	08/07/2022 22/07/2022	18-30	CONS	2
402013	BE CONNECTED TO NATURE!	CONCF186	FRANCIA	03.08.2022 24.08.2022	18-30	RENO	3
402014	DO YOU HEAR NATURE SPEAKING?	CONCF187	FRANCIA	06.07.2022 27.07.2022	18-30	ART	3
402015	DISCOVER A CASTLE LIFE	CONCF188	FRANCIA	03.08.2022 24.08.2022	18-30	RENO	2
402016	RENOVATE AND ENHANCE A MANOR HOUSE AND A COTTAGE	JR22/203	FRANCIA	13.07.2022 03.08.2022	18-30	RENO	2
402017	CREST JAZZ FESTIVAL	JR22/204	FRANCIA	24.07.2022 10.08.2022	18-30	FEST	1
402018	SAFEGUARDING THE VERNACULAR HERITAGE (WATER)	JR22/205	FRANCIA	01.08.2022 13.08.2022	18-30	RENO	1
402019	DEVELOPMENT OF THE COMMUNAL PARK	JR22/207	FRANCIA	26.06.2022 16.07.2022	18-30	ENVI	2

Código Galicia	Campo de voluntariado	Código Internacional	País	Datas	Idades	Modalidade	Prazas
402020	CAPE TO THE ISLAND OF OLERON	SJ39	FRANCIA	23.07.2022 06.08.2022	18-30	RENO	1
402021	JOURNEY TO THE MIDDLE AGE	SJ41	FRANCIA	23.07.2022 13.08.2022	18-30	CULT	2
402022	THE TOUR CIRCUIT OF THE	SJ43	FRANCIA	24.07.2022 06.08.2022	18-30	RENO	2
402023	HISTORICAL WANDERINGS IN	SJ45	FRANCIA	25.07.2022 08.08.2022	18-30	RENO	2
402024	THE DISCOVERY OF AN	SJ46	FRANCIA	27.07.2022 09.08.2022	18-30	RENO	2
402025	LOVE THE MOUNTAINS IN ALPE DOSSO (Cota extra de 70 €)	LEG06	ITALIA	03.07.2022 16.07.2022	18-30	ENVI	1
402026	VALPOWORKCAMP (Certificado de delitos sexuais)	LUNAR09	ITALIA	16.07.2022 31.07.2022	18-30	CULT	1
402027	JUNK YARD PLAYGROUND (Certificado de delitos sexuais)	YS04	LETONIA	14.08.2022 28.08.2022	18-30	ENVI	1
402028	COLOMBIA MERCADO	VIVE22.02	MÉXICO	06.07.2022 19.07.2022	18-30	ART	1
402029	COLOMBIA MONSERRATE	VIVE22.04	MÉXICO	13.07.2022 26.07.2022	18-30	STUD	2
402030	MEXICO - SEA TURTLES CONSERVATION III (Cota extra de 160 €)	VIVE22.07	MÉXICO	03.08.2022 15.08.2022	18-30	ENVI	1
402031	TREASURES OF JEWISH CULTURE IN HOLESOV (Cota extra de 10 € e Certificado de delitos sexuais))	SDA103	REPÚBLICA CHECA	20.07.2022 31.07.2022	18-30	FEST	2
402032	FARMSTUDIO - ART, HISTORY, NATURE (Cota extra de 10 € e Certificado de delitos sexuais))	SDA200	REPÚBLICA CHECA	10.07.2022 18.07.2022	18-30	RENO	2
402133	HAPPY WILD ANIMALS	GSM09	TURQUÍA	05.08.2022 19.08.2022	18-30	ANIM	1

(\*)Pauta completa de vacinación e test de antíxenos 24h antes do inicio do campo.

## CAMPAMENTOS | CAMPOS DE VOLUNTARIADO | 2022



# O VERÁN QUE QUERES CONTAR

# TELÉFONOS E INFORMACIÓN CAMPOS DE VOLUNTARIADO

## CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Dirección Xeral de Xuventude,  
Participación e Voluntariado

Teléfono: 981 957 115

## A CORUÑA

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Teléfonos: 881 881 238 - 881 881 240

Oficina local de Ferrol | Teléfono: 981 337 290

## LUGO

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Teléfonos: 982 294 923 - 982 294 224 - 982 294 599

## OURENSE

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Teléfonos: 988 386 113 - 988 386 120

## PONTEVEDRA

Servizo de Xuventude e Voluntariado

Teléfonos: 986 817 079 - 986 817 298

Oficina local de Pontevedra | Teléfono: 886 206 395





XUNTA  
DE GALICIA